

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAIS DA PRAZA DE ABASTOS Nº 1 DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN FUNCIONAL DO EDIFICIO DA PRAZA DE ABASTOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Gabriel Alén Castro, director xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Asociación de Comerciantes e Industriais da Praza de Abastos Nº1 de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Asociación de Comerciantes e Industriais da Praza de Abastos Nº 1 de Ourense para a realización dun plan funcional do edificio da praza de abastos Nº 1 de Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.l.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla entre os seus obxectivos a renovación e promoción do sector comercial retalista.

O impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia é fundamental para destacar o potencial dos nosos mercados e prazas de abastos como eixos e motores do comercio de proximidade, adaptándoos ás novas tendencias do mercado. A súa finalidade fundamental é aproveitar a situación estratéxica dos mercados e prazas de abastos e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos ao entorno no que se integran, ao produto local e a valores como a sostibilidade, a protección do medio ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade.



En consonancia co exposto, por Orde do 4 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 13, do 19.01.2017) regúlase o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu outorgamento é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se afrontan os mercados e prazas de abastos galegos.

Pola súa parte, a Asociación de Comerciantes e Industriais da Praza de Abastos Nº 1 de Ourense ten a firme vontade de fomentar a reactivación económica e social da economía local promovendo a competitividade, a dinamización e a modernización do pequeno comercio de proximidade, principalmente a través da praza de abastos Nº1 .

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

